




# COSTA DE ARTEIXO (De Arteixo a Barrañán)

Adela Leiro, Mon Daporta




**Distancia:** 12 km (circular)

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 3/4 horas



Unha camiñada para percorrer unha parte do paseo fluvial, e as mellores e máis coñecidas praias do concello de Arteixo e un tramo importante do seu litoral, por un camiño ben acondicionado, para peóns e bicicletas, e separado en case todo o percorrido do tráfico automobilístico. Uns oito quilómetros, máis o que queiramos engadir con desvíos ás puntas e baixadas ás praias, para pasar unhas horas camiñando coa soa intención de facelo ou aproveitando para facer exercicio nunha contorna agradable e unha fermosa paisaxe recibindo ao tempo o sol, o vento ou simplemente o aire do mar. Toda a ruta costeira discorre dentro do espazo protexido LIC "Costa da Morte", onde podemos atopar dunas, praias e cantís cunha interesante flora e fauna asociadas.



Monumento ao "voyeur"



## PERCORRIDO:

Comezamos o percorrido en Arteixo, no paseo fluvial, camiñando por debaixo da zona deportiva, acompañando ao río no seu escoar cara ao mar, un pouco máis alá da metade do paseo chegamos á ponte dos Brozos unha antiga construción de dous arcos pola que se cruzou o río durante séculos como mostran as fondas rodeiras que os carros deixaron gravadas nas súas pedras, cruzamos a estrada e continuamos o camiño ata o final do tramo acondicionado, ao pé da estación de bombeo, volvemos a cruzar a estrada e o río pola ponte para pasar ao outro lado e facer un tramo de enlace que a través do lugar do Rañal e a estrada nos achega á praia de Sabón, un magnífico areal, ao abrigo das puntas dos Castelotes e a Cancela, no que desembocan, a unha e outra banda, os ríos Seixedo e Bolaños; cruzando o río Bolaños pola ponte de madeira do paseo entramos na ruta e seguimos a camiñada agora xa todo o tempo máis ou menos preto do mar, empezando pola punta dos Castelotes na que atopamos o curioso “monumento ao voyeur” e a partir de aquí subindo e baixando para ir ás puntas imos descubrindo en cada volta unha praia: Ripibelo, a Salsa, a Ucha, Valcovo, e despois dunha longa subida saímos á estrada por enriba da de Combozos e descubrimos por diante dela a de Barrañán onde rematamos o percorrido. Desde alí temos que procurar unha maneira de volver á vila da que nos separan 3,5 km que tamén podemos facer camiñando case todo o tempo por unha beirarrúa pola beira da estrada.



Ponte dos Brozos sobre o río Bolaños



Praia de Sabón



Praia de Sabón e río de Seixedo



Praia de Repibelo



Praia de Repibelo



Punta dos Castelotes e “monumento ao voyeur”



Pedra da Herba





Praia da Salsa



Vista desde Punta Corveira



Praia e Punta Corveira



Praia da Ucha



Punta Corveira



Praia de Valcovo



Praia das Combouzas





*Crucianella maritima*



Cardo da ribeira (*Eryngium maritimum*)



Praia de Barrañán



Praia de Barrañán